

Asociación Automovilística Moeche
Lugar Campo da Feira, Local, nº 1
San Ramón de Moeche,
CP 15563, A Coruña
G-70444898
Tlf. 659468516-659241216-666091565
E- mail: escuderiamoeche@gmail.com



1ª Xuntanza 4x4

TERRAS IRMANDIÑAS

REGULAMENTO PARTICULAR

Artigo 1.- Definición:

O presente regulamento establece que a normativa particular da **1ª Xuntanza 4x4 Terras Irmandiñas**, a cal está considerada como un evento non competitivo, e sendo unha visita guiada con vehículos 4x4 e buggies ao longo do termo municipal de Moeche, San Sadurniño e Valdoviño.

Non se trata en ningún momento dun evento competitivo, sendo o principal obxectivo da xuntanza, o fomento do turismo local ao tempo que se disfruta da natureza e convivencia.

Artigo 2.- Participantes:

A participación está aberta a calquera persoa que dispoña de permiso de condución vixente no vehículo que se inscriba e o día do evento, e queira disfrutar da dita xuntanza, sendo os participantes por vehículo limitados ao número de ocupantes máximo de ditos vehículos que lle permita a lei.

O número de participantes límitase a 50.

No caso de que algún dos participantes queira levar acompañante ou acompañantes só a comida organizada para o evento debe de comunicalo na inscrición.

Artigo 3.- Vehículos admitidos:

Os participantes poderán inscribirse en vehículos 4x4 e buggies, que cumpran a normativa de circulación vixente.

Artigo 4.- Prezos de inscrición:

A inscrición a dita por participante é de 60 euros. Cada acompañante inscrito supón a maiores 40 euros.

No caso de suspensión da proba, por causa de forza maior debidamente xustificada, previa a celebración da mesma, o organizador devolverá o prezo da inscrición. Se a proba se suspende unha vez iniciada a mesma, as inscrición non serán devoltos, podendo acordarse unha nova data de celebración da mesma, condición sempre suxeita a obtención dos permisos necesarios.

O ingreso farase efectivo no número de conta **ES92 0049 6640 2029 1001 7173, Santander Moeche**, petente a Asociación Automovilística Moeche, e poñendo no concepto o nome e apelidos do participante que apareza na inscrición, adxuntando o xustificante de pagamento no formulario de inscrición.

A data límite de inscrición será o 22/04/2025 ás 20:00horas

Artigo 5.- Inscripcións:

As Inscripcións faranse a través do seguinte enlace:

<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSfxh4kkclDoNnCBScCM5TTXi-BceFj-37viAPveGHKpvWzE0w/viewform?usp=header>

As Inscripcións non se farán efectivas ata que se confirme por parte do organizador ao interesado, e sempre que se acheguen os seguintes documentos a parte do rexistro da inscrición:

- Permiso de conducción do/s participante/s
- Documentación do vehículo
- Seguro obrigatorio en vigor do vehículo
- ITV en vigor do vehículo
- Xustificante de pagamento dos dereitos de inscrición co número de matrícula

Ditos documentos poden adxuntarse na inscrición e por email, indicando no asunto a persoa que fixoa inscrición e os datos que anexa:

kddterrasirmandinas@gmail.com

IMPORTANTE: o número de inscricións queda limitado, sendo a orde de aceptación de inscricións aquela que entreguen a documentación citada, e tralo cal, comprobarase e se cumpre os requisitos, comunicarase que está inscrito na proba. Sen dita comunicación non se considerará inscrito na proba.

Artigo 6.-Descrición:

A xuntanza está prevista para poder participar nunha xornada, sendo o participante o que indique na inscrición os acompañantes cos que acudirá, no caso. Tanto o participante como os seus acompañantes aceptan as condicións que poidan establecerse no suposto de que o índice IRDI fose moi alto ou extremo o día da proba, por parte dos organizadores xunto coas indicacións do distrito forestal, que poderían inclusive incluír a suspensión da proba.

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/irdi>

Artigo 7.-Programa horario:

O evento celébrase o día 26 de abril de 2025, non sendo obrigatorio participar en ningunha das actividades previstas

- 07:30 horas: Entrega de documentación (nave do Mercado de Moeche)
- 08:30 horas: Briefing inicial
- 09:00 horas: Inicio da xuntanza: 1ª actividade (nave do Mercado de Moeche)
- 14:00 horas: Xantar punto de reunión.
(bolsa con comida subministrada polo organizador)
- 15:30 horas: Inicio da xuntanza 2ª actividade
- 19:30 horas: Fin de xuntanza (apertura de vestiarios pavillón municipal)
- 22:00 horas: Cea conxunta (nave do Mercado de Moeche)
- Trala cea farase unha Festa do Motor, con sorteos e regalos.

NOTA. os horarios son orientativos e suxeitos a modificación por necesidades organizativas

Artigo 8.-Organización:

O organizador do evento é a Asociación Automobilística Moeche, que contarán coa colaboración de Protección Civil e a cal se sumaran os distintos voluntarios e colaboradores, que velarán polo bo desenvolvemento da quedada e os cales estarán identificados convenientemente.

Nos puntos máis conflictivos estará regulado Protección Civil, e no caso de que estes non poidan, estará persoal propio da Organización.

Por causas de forza maior, que poidera causar prexuízo ou perigo algún, os organizadores da quedada, poderán optar polo cambio ou anulación de algunha parte da actividade.

Varios vehículos da Organización velarán polo correcto desenrolo da actividade, e asistirán aos vehículos participantes cando sexa necesario, no que poidan axudarlle e de acordo cos medios cos que dispoña.

Os participantes deben de seguirlas súas instrucións e percorridos establecidos para o mellor desenvolvemento da mesma, e non se poderá pisar camiños ou zonas privadas, de cultivo ou protexidos, ofrecendo especial atención a peatóns e/ou animais, sendo os participantes responsables do cumprimento da normativa aplicable.

Os participantes deben de ser especialmente respectuosos co medio ambiente, non debendo arroxar ningún tipo de basura ao mesmo.

No momento de entrega da documentación da actividade, os participantes deberán de entregar asinada a folla que a organización lle entregue, quedando excluído no caso de non facelo. A dita folla é un documento no que exoneran á organización da responsabilidade propia e fanse responsables tanto persoalmente como a través do seguro do seu vehículo, de tódolos posibles danos persoais e a terceiros, en todo o que concirne á citada actividade e dentro dos horarios e duración da mesma.

A adopción, por parte dos participantes, de conductas incorrectas e/ou desleais ao bo funcionamento da quedada, implicará a descalificación e exclusión da dita actividade.

A parte, o Organizador conta cun seguro de Responsabilidade Civil e unha Póliza de Accidentes.

NOTA: só a Organización poderá aprobar ou engadir novidades ao presente regulamento, baseándose en casos de necesidade e por motivos de seguridade e mellor desenvolvemento da actividade. Todo o que non estea contido neste regulamento, quedará a criterio a Organización.

Artigo 9.-Documentación:

A Organización porá a disposición de cada participante da folla de datos, e entregará por vehículo participante: o mapa detallado, puntos destacados e recomendacións, bolsa do lixo e dorsais.

Cada participante ten dereito a unha camiseta, da talla que indique na inscrición, unha bolsa con bocadillo e froita para a comida, e a cea final que se fará na nave do mercado do recinto feiral de Moeche..

Artigo 10.-Recomendacións:

-Respecta aos membros da organización e aos demais participantes, e trátaos con educación.

-No momento de atoparnos persoas ou animais, reduce a velocidade para non asustalos.

- Non é unha actividade competitiva.
- Non se pode derrapar nin facer manobras bruscas, non existindo cortes nin totais nin parciais de ningún tipo de vía.
- Debes de recoller o teu lixo nunha bolsa e depositala en contenedores destinados a súa recollida.

GRACIAS POLA PARTICIPACIÓN